

Obradoiro: LÁNZATE A EMPRENDER EN COOPERATIVA | AVANZADO

[En colaboración coa Rede Eusumo + ECOBAS + Universidade de Vigo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 3 ao 31 de marzo	DURACIÓN	40 horas
HORARIO	Celebraranse tres sesións virtuais de aprendizaxe os días 4, 17 e 26 de marzo de 11:00 a 12:30hs. O horario de titoría será de luns a venres de 16:30 a 18:00hs.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazcoop http://aulaespazocoop.com		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á ciudadanía e en especial ás persoas desempregadas que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Contribuír a que estas persoas coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas.
- Coñecer a experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

PROGRAMA E CONTIDOS

1. Presentación

- 1.1 Coñece ás cooperativas:
- 1.2 Coñece a Economía Social
- 1.3 O Emprendemento

2. Como se traballa nunha cooperativa. Condicións básicas.

- 2.1 Que é unha cooperativa
- 2.2 Diferencias das cooperativas con outros modelos empresariais

3. Organización cooperativa

- 3.1 Organigrama Cooperativo
- 3.2 Asambleas e reunións
- 3.3 Organización Societaria e do traballo
- 3.4 Documentación social e contable

4.- Experiencia cooperativa.

- 4.1 Pasos constitución
- 4.2 Recursos financeiros
- 4.3 Experiencias motivadoras cooperativas. Diálogo con cooperativistas.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispoñer, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o teléfono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Persoas que queren coñecer a oportunidade que o cooperativismo lles brinda como forma de acceder ao mercado de traballo a través do autemprego; persoas que buscan outra forma de traballar; alumnado de obradoiros de emprego, escolas obradoiros e últimos ciclos formativos na búsqueda de posibilidades laborais. Persoas interesadas en coñecer mais polo miúdo a fórmula cooperativa.

Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.



Universida de Vigo



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2021 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.